

Acta número 8/2008, da Comisión de Persoal.

Asistentes:

POLA ADMINISTRACIÓN.

Presidenta

María del Mar Rodríguez Fernández

Secretario

Víctor Gallego Vincent

Presidencia da Xunta de Galicia

Gumersindo Guinarte Cabada

Eva Sanín Mariño

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

Ramón del Valle López

C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Beatriz Rodríguez Fraga

Roberto Corbal González

C. Economía e Facenda.

Luis E. Araújo Rodríguez

María J. Villaverde Gómez

J. Carlos Carid Fernández

C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte

María Chas de la Calle

Luis Vázquez Rodríguez

Juan López Lagares

C. Educación e Ordenación Universitaria

José Luis Canosa Baldomir

C. Innovación e Industria

Emilio Nogueira Moure

M^a Dolores Rancaño Osorio

C. Medio Rural

Jorge Atán Castro

Ascensión Labella Lozano

C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Maria Lourdes Batán Aira

POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

CIG	Presenta escrito de D. Manuel Gallardo Canitrot, pronunciándose por escrito
CC.OO.	Pedro Méndez Gil Raquel Parada Serantes
UGT	José Francisco Núñez Rodríguez M ^a Luz Sánchez Martínez Antonio Pais Andrade
CSI-CSIF	Álvaro Fernández Baamonde. Carmen Noya Castro

En Santiago de Compostela, sendo as 12 horas do día cinco de xuño do ano dous mil oito, réunense en sesión ordinaria, no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, as persoas relacionadas, membros da Comisión de Persoal segundo a seguinte orde do día:

Por parte da CIG achégase un escrito, no que expoñen que non poden acudir a esta xuntanza e no que se manifesta o sentido do seu voto nos puntos da orde do día da presente comisión de persoal.

A directora xera da función pública expón que o dito escrito non se pode considerar asistencia á xuntanza da comisión e que o escrito incorpórase como anexo á presente acta.

Punto primeiro. Lectura e aprobación, de ser o caso, da acta 7/2008, correspondente á sesión anterior.

O representante de CSI-CSIF solicita que se inclúa como anexo a presente acta escrito sobre modificación da acta correspondente á sesión anterior en relación coa modificación da RPT da Consellería de Cultura.

Coa presente petición apróbase a acta correspondente á sesión anterior.

Punto segundo: Proposta de modificación da RPT da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Escola Galega de Administración Pública).

O representante de CCOO manifesta que vota en contra dado que non houbo variación respecto a praza de xefe de servizo a corpos especiais e a dotación que falta para a telefonista.

O representante de UGT que vota a favor a pesar de que hai postos que teñen xornada de mañá e tarde e un subalterno está sempre de mañá.

O representante de CSI-CSIF que se absteñen.

Punto terceiro: Proposta de modificación da RPT da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte.

O representante de CCOO que vota a favor

O representante de UGT que vota a favor

O representante de CSI-CSIF que vota a favor

Punto cuarto: Proposta de modificación da RPT da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

O representante de CCOO que o seu voto é en contra

O representante de UGT que vota a favor

O representante de CSI-CSIF que vota a favor

Punto quinto: Proposta de modificación da RPT da Consellería de Innovación e Industria (Instituto Galego de Consumo).

O representante de CCOO que vota a favor

O representante de UGT que vota a favor

O representante de CSI-CSIF que vota a favor

Punto sexto: Proposta de modificación da RPT da Presidencia da Xunta de Galicia.

O representante de CCOO que se absteñen

O representante de UGT que vota a favor

O representante de CSI-CSIF que vota a favor

Punto sétimo: Proposta de modificación da RPT da Consellería de Traballo.

O representante de CCOO que vota a favor

O representante de UGT que vota a favor

O representante de CSI-CSIF que vota a favor

Punto oitavo: Proposta de modificación da RPT do Organismo Autónomo “Fondo de Garantía Agraria” da Consellería do Medio Rural

O representante de CCOO que vota a favor

O representante de UGT que vota a favor

O representante de CSI-CSIF que vota a favor

Punto noveno: Para coñecemento da Comisión de Persoal: Proposta de incoacción de procedemento disciplinario, coa adopción da suspensión provisional do profesor con destino na Escola Oficial de Idiomas de A Coruña, D. Mikhail Bierkowski Kobrin.

A directora manifesta que a información que queiran solicitar que o fagan directamente fronte a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para salvagardar a publicidade que estas actuacións requiren.

Punto décimo. Rogos e preguntas.

A directora xeral da Función Pública pregunta sobre a postura sindical que existe sobre que se oferten prazas de resultas do concurso para a toma de posesión definitiva dos funcionarios do grupo D e que ata agora non se ofrecían.

O representante de CCOO manifesta que se deben ofertar as vacantes da primeira fase e se esas non chegan habería que buscar outras. O representante de UGT maniféstase no mesmo sentido que o representante sindical de CCOO afirmando que este é un acordo das catro organizacións sindicais. O representante de CSI-CSIF maniféstase no mesmo xeito que os anteriores.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás once horas trinta minutos do día sinalado supra.

VISTO E PRACE
A PRESIDENTA

DOU FE
O SECRETARIO

Asdo.: M^a del Mar Rodríguez Fernández

Asdo.: Víctor Gallego Víncent.

ANEXO I



Confederación Intersindical Galega

Soto Consellería Educación

Tel.: 981 54 59 09 - Fax: 981 54 59 91

Edificio Administrativo San Caetano - 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Manuel Gallardo Canitrot, Secretario Nacional da C.I.G.-Autonómica, con enderezo a efectos de notificación nos Sotos da Consellaría de Presidencia.

COMUNICA:

Que por ter programada unha concentración por mor da proposta de amortización de 42 prazas na RPT da Consellaría de Presidencia, non podemos asistir en persoa a Comisión de Persoal do día 5 de xuño de 2008, e, polo tanto, pronunciamonos sobre ela por escrito, pregandolles que esta comunicación sexa tida en conta como a participación efectiva na mesma.

O noso posicionamento é o seguinte:

1º.- Nada que alegar.

2º.- A favor

3º.- A favor

4º.- Gostaríamos votar a favor, pero a actitude da Consellaría, non chamandonos a negociar os regulamentos que se derivan da proposta de Lei de Sanidade onde se negocian aspectos propios do persoal da Xunta de Galiza obríganos a ABSTERNOS.

5º.- A favor

6º.- A favor

7º.- A favor

8º.- A favor


9.- Punto que na orde do día está de 10º, non temos nada que alegar.

10º.- Rogos e Preguntas

Solicitamos que sexan incluídas as Resultados na Elección de Destino do Grupo D.

Compostela, 5 de xuño de 2008.

Asd. Manuel Gallardo Canitrot


ADMINISTRACION
AUTONOMICIA

DIRECTORA XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA.

ANEXO II



ALEGACIONES DE CSI-CSIF Á ACTA N° 7/2008 DA COMISIÓN DE PERSOAL

Alegacións ao punto quinto da orde do día: Proposta de modificación da RPT de Cultura:

CSI-CSIF, manifestou:

“ Non houbo unha verdadeira negociación. A primeira reunión incidiu co día de presentación dos presupostos no Parlamento, (27 de novembro do 2007) e a segunda reunión foi a da Mesa Xeral de negociación. Prometéusenos reunirmos no mes de Xaneiro e a Administración ^(co) cumpriu esta promesa.

Se traspola á Biblioteca e ao arquivo Nacional unha estrutura de Subdirección X. Que non se corresponde ca destes centros, que son “Servizos de información documental” (SID). O que se utiliza para seguir creando prazas de LD, e incluso para contradicir os propios argumentos que utilizou a Consellería de Cultura e Deportes para abrir a praza de Xefe de Servizo do Libro e Bibliotecas ao grupo B – que todas estas prazas estaban abertas aos 2 grupos – e agora, sen embargo, crea dúas prazas de xefes de servizo cerradas ao grupo A , (Según o que CSI-CSIF xa alegou na Mesa Xeral). CSI-CSIF pediu unha explicación á Administración na Mesa Xeral, e non obtivo resposta.

As prazas cas que se dotan estes 2 centros, cabeceiras dos sistemas de arquivos e bibliotecas de Galicia son insuficientes, e ademais, créanse as prazas de técnicos con niveis base.

O resto de centros de arquivos, bibliotecas e museos seguen arrastrando problemas históricos de dotación de prazas, niveis e estrutura xa quen non se afronta a súa reforma.”

Por todo isto CSI-CSIF, vota en contra desta modificación.

Santiago a 5 de xuño do 2008